

PREFACIO

Para comprender e explicar os fenómenos que a xenética de poboacións descobre, temos que acudir ás ciencias que describen e estudan os pobos do mundo. Son, no seu conxunto, ciencias de carácter histórico: a lingüística, a arqueoloxía, a antropoloxía, a mesma historia. Estas ciencias describen os pobos a través de calquera das súas manifestacións: as súas linguas, os seus restos materiais, os seus hábitos e modos organizativos, e os seus propios avatares históricos (migracións, invasións, conquistas, etc.). A contribución das ciencias historiográficas faise práctica na busca de fenómenos que poidan ser postos en relación con aqueles que a xenética nos amosa, de tal maneira que esa relación xurda unha explicación histórica ben fundamentada para aqueles feitos xenéticos.

Convén fixarse ben nas palabras. Os xenetistas dinnos que eles estudan a xenética de *poboacións*. Nós, non obstante, con frecuencia entendemos que estudan a xenética dos *pobos*. A diferenza é esencial e non tela en conta induce a un grave erro. Pero debemos ser tolerantes con nós mesmos, porque a tentación é demasiado forte e só os máis preparados están previstos e poden resistirse. Cando un xenetista nos di, categoricamente, “se en Noia se asentaron unhas familias de norteafricanos no século XVIII e tiveron descendencia, detectarémolos sen ningunha dúbida”; ao oírmos algo así non podemos evitar a sensación de estar fronte a unha pedra filosofal que nos vai dicir a verdade da historia da poboación de Noia, e polo tanto de toda Galicia ou de todo o

mundo, e isto coa seguridade inquebrantable que a ciencia moderna parece darlles aos seus descubrimentos. Conscientes ou non, pensaremos que poderemos reconstruir a historia xenética de Noia, desde os seus comezos até hoxe. Sen darnos conta, estaremos xa reconstruíndo unha historia que comeza nun momento afastado, antes de que en Noia se asentaran romanos, árabes, casteláns, irlandeses, alemáns, e o que queiramos engadir. É dicir, no momento en que en Noia viven os verdadeiros noieses, os do principio, os *ab-origine*. E este é o grave erro.

Os xenetistas non estudan os fenómenos xenéticos dun pobo que *foi*, senón dun pobo que *é*. Estudan a *poboación* que hoxe atopamos en Noia, en Galicia, en España ou no mundo enteiro. Non estudan o *pobo* de Noia, de Galicia, de Euskadi, de España, de Portugal ou de Afganistán na súa dimensión xenética orixinal, senón actual. Non estudan o que o pobo galego xeneticamente *é* (é dicir, hipoteticamente *foi*) senón *o que chegou a ser*.

É certo que a paleoantropoloxía xenética pode ensinar como unha poboación era xeneticamente en casos excepcionais de conservación de restos óseos e que a xenética está a ter unha importancia enorme para coñecer a nosa prehistoria máis antiga, pero en xeral ao xenetista de poboacións interésalle o que a poboación *é* e que os historiadores lle axuden a interpretar se as diferenzas que observan entre poboacións poden ter unha explicación histórica.

Esta distancia xenética entre o que *foi* e o que *é* correspóndese perfectamente coa distancia histórica. A cuestión exprésase claramente na seguinte contraposición: é un *pobo* un punto de partida ou un punto de chegada? Se apostamos pola primeira posibilidade, estamos a afirmar, conscientes ou non, que *nun principio* había un pobo igual a si mesmo e diferente a todos, que *co paso do tempo* foi contaminándose de elementos estraños, *dexerando*, até chegar á híbrida situación actual. Isto ten grandes implicacións políticas, porque se o pobo galego verdadeiro é o que no seu día foi, entón ali están as claves do seu verdadeiro ser (esta é a posición dalgúns nacionalistas románticos) e o que vén despois non é máis que deformación, alteración, dexeneración. Polo con-

trario, se o pobo galego é o que chegou a ser, as claves determinantes da súa vida xa non estarán nun pasado remoto, senón no máis rabioso presente, agora mesmo. Nesta segunda opción, *nós seremos os donos de nós mesmos ou, polo menos, os responsables do que aconteza.*

Os feitos, por outra parte, móstrannos que os pobos son un resultado da historia, da súa propia historia. Coa excepción daqueles que se mantiveron totalmente illados, foron construíndose a si mesmos nun proceso que non ten fin; os seus sinais de identidade poden renovarse, alterarse ou desaparecer. O que nun momento pode resultar alleo, invasor, poderá despois converterse en máximo sinal de identidade, como acontece coa nosa lingua galega, aprendida dos conquistadores romanos. O proceso é extraordinariamente complexo; non só conta o obxectivo, real-práctico, senón tamén a consciencia, as conviccións. Se os xenetistas encontran certas diferenzas entre a parte norte e o sur de Galicia, alguén se atrevería a afirmar que se trata, en consecuencia, de dous pobos distintos, en máis ou en menos? Evidentemente, non. E é que aos pobos os fai a historia, mentres que os xenes son cousa da bioloxía. Con todo, cada disciplina, xenética e historia, pode axudarlle á outra.

Gerardo Pereira e Anxo Carracedo